

3



3) POLÍGONOS AGROFORESTAIS PÚBLICOS. CORTA LUMES.

Introducción e obxectivos

Os polígonos corta lumes son un tipo específico de polígono agroforestal de iniciativa pública caracterizado pola súa aplicación exclusiva en áreas de corta lume, que xustifican a delimitación do seu perímetro en base á diminución da probabilidade de expansión dos incendios e a superficie afectada. Con este tipo de polígonos búscase a posta en valor dos corta lumes, promovendo a actividade agroforestal.

Este tipo de proxectos son promovidos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e incluso poden ser desenvolvidos por eles tamén.

Requisitos

Neste caso non é necesario que se cumpra o requisito do 70% dos titulares que é necesario nos demais polígonos agroforestais de iniciativa pública. Ademais, poderá exceptuarse o requisito de abandono ou infrautilización de máis do 50% da superficie.

Procedemento

Os polígonos corta lumes, terán o mesmo procedemento que un polígono agroforestal público normal, pero coas seguintes especificacións:

- a) O inicio do procedemento para a aprobación dos polígonos corta lumes será efectuado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- b) Como xa dixemos no punto anterior, poderase exceptuar o requisito de abandono ou infrautilización de máis do 50% da superficie, cando así se xustifique por razóns de prevención de incendios.
- c) O proxecto será elaborado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e terá os contidos establecidos para o proxecto básico e proxecto de execución de obras dun polígono agroforestal de iniciativa pública.
- d) O proceso de concorrencia, terá as seguintes particularidades:
 - a. Prazo de presentación de propostas de 15 días hábiles dende a publicación no DOG da súa aprobación.
 - b. No caso de non producirse ningunha solicitude válida, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, poderá declarar un novo prazo de presentación de propostas de 3 meses onde será adxudicado o primeiro promotor produtivo que presente unha proposta de acordo cos requisitos esixidos.
 - c. Se pasado este tempo non se presentan propostas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pasará a ser o promotor produtivo do proxecto.



CONTACTO

Asociación de Grupos De
Desenvolvemento Rural De Galicia
Rúa San Marcos, s/n
15318 – Abegondo
(A Coruña)
info@agdr.gal | <https://agdr.gal/>